



## GRUPO MUNICIPAL



LUÍS REI NUÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que o Pleno do Concello de Pontevedra inste a súa Xunta de Goberno **A SOLICITAR A ADHESIÓN Á REDE EUSUMO.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O modelo empresarial tradicional recorre adoito a formas de organizar e xestionar o traballo asalariado que impoñen fortes desigualdades e mesmo non lles garanten un emprego a sectores cada vez máis amplos da poboación.

A crueza da crise actual deixa en evidencia as prioridades dun sistema económico que non só se amosa incapaz de soste a vida e o planeta, senón que xera destrución, ao primar a consecución do máximo beneficio no menor prazo posible. Se queremos evitar unha eminente catástrofe ambiental, económica e social -como xa advirten desde organizacións internacionais de referencia- necesitamos unha economía que se integre e respecte as persoas e o territorio onde se desenvolve e que, sobre todo, dea resposta ás necesidades da maioría xerando tanto riqueza económica coma respecto ao ambiente e xustiza redistributiva.

A economía social e solidaria é xa hoxe unha alternativa real e viable na produción de tecido económico e cidadán destas características, por canto o papel do capital na economía social se subordina ao interese da comunidade, e dese xeito se converte nunha ferramenta útil para satisfacer as necesidades colectivas.

Marea Pontevedra solicitou que o Orzamento Municipal para 2017 incluíse recursos para impulsar a economía social no noso Concello, algo que se concretou na admisión de dúas das súas emendas: unha, para levar a cabo un estudo das potencialidades da economía social, e a outra para o fomento da mesma.

Co propósito de completar estas iniciativas, Marea Pontevedra cre conveniente a adhesión do Concello á REDE EUSUMO (DOG. nº 226, 27 de novembro de 2012, Decreto 225/2012, do 15 de novembro, que regula a creación da REDE EUSUMO para o fomento do cooperativismo e a economía social), por considerala unha boa canle para facer chegar aos potenciais interesados as vantaxes da economía social e do cooperativismo.

A través desa rede, a Consellería de Economía, emprego, e industria financia un programa de axudas para as administracións locais, que poden acceder a elas baixo fórmulas como a mancomunidade, o consorcio ou a **agrupación dun mínimo de catro concellos da mesma zona.**

O obxectivo destas axudas é incentivar a participación dos concellos no labor de promoción do cooperativismo, subvencionando tanto os gastos da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo e da economía social coma a realización de actividades dirixidas ao ámbito territorial dos concellos adheridos e da súa área de influencia. Isto debería redundar con claridade no estímulo do autoemprego e do emprendemento colectivo, e mais no apoio á xeración de novos proxectos de economía social.


En consecuencia, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta a seguinte

### PROPOSICIÓN

- 1. Instar a Xunta de Goberno Local a solicitar a adhesión a REDE EUSUMO da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.**
- 2. Instar a Xunta de Goberno Local a dirixirse aos concellos máis próximos (Poio, Barro, Vilaboa, Marín, Bueu...), para constituír a agrupación de entidades locais que permita contar de xeito conxunto con persoal técnico, financiado pola Xunta de Galicia, para a promoción do cooperativismo e a economía social.**

Pontevedra, 14 de febreiro de 2017

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra



Luís Rei Núñez